

O Monte veciñal, unha institución galega

Proposta didáctica



Museo do Pobo Galego



CONCELLO DE
SANTIAGO

TRESPÉS
SOC. COOP. GALEGA

O Monte veciñal, unha institución galega. Proposta didáctica.

1. Presentación e obxectivos
2. Metodoloxía, cronograma e recursos de cada sesión
3. Contidos
4. Bibliografía e outros recursos

Proposta

Departamento de Educación e Acción Cultural. Museo do Pobo Galego

Trespés Sociedade Cooperativa galega

Colabora

Concello de Santiago de Compostela

1

PRESENTACIÓN

Esta sinxela proposta quere ser un primeiro paso que, desde a escola, se dea un achegamento ao monte veciñal tanto desde a inclusión da institución no patrimonio cultural dos e das galegas como no que significa de práctica de formas democráticas de xestión comunitaria e reforzamento do tecido social.

O monte veciñal é unha forma de xestión dos territorios propia dos galegos e das galegas. Ten a súa orixe na chegada dos pobos xermánicos e está vinculado a unha visión comunitaria de rexer as cousas da vida. Con moitas dificultades, esta realidade permaneceu na sociedade galega. Hoxe podemos falar do monte veciñal como unha institución histórica.

Porén evidenciase un descoñecemento da realidade do monte veciñal na propia sociedade, mesmo entre a poboación do rural, o que determina unha escasa valoración do mesmo que, en ocasións é percibido como un problema e non como patrimonio, como unha oportunidade.

O descoñecemento acentúase entre a poboación mais nova, para quen se trata de algo distante e que non recoñecen como propio. En parte, esta realidade está motivada pola escasa presenza da realidade do monte veciñal nos planos educativos, desde os niveis de educación primaria á estudos universitarios como Enxeñaría forestal, Dereito, Xeografía, Historia ou Economía.

Son case 700.000ha de territorio baixo titularidade comunitaria, o que representa o 33% da superficie do país xestionada a través de 2.700 entidades que involucran directamente a unhas 150.000 persoas. Son números que debuxan un contexto, o do monte veciñal en Galiza, que exceptuando o norte de Portugal, adquire unha relevancia sen igual en todo o ámbito europeo.

A nosa proposta aséntase nunha pregunta: ocupa o monte veciñal o lugar que lle corresponde na realidade galega? O monte veciñal permanece invisibilizado na


realidade do país. O proceso de devolución dos montes á veciñanza das parroquias e aldeas, encetado hai máis de trinta anos, abriu un novo período onde o monte veciñal readaptou o papel que xogaba na sociedade rural. O abandono agrario repercutiu nun distanciamento con respecto ao monte debido, entre outros factores, a que se rompeu o vínculo de necesidade, porque xa non se trataba do monte como recurso directo. Este distanciamento da veciñanza maniféstase nun baixo grao de participación dos comuneiros e comuneiras na xestión, e incluso na asunción de modelos privados de xestión (externalización) en detrimento da xestión directa e colectiva.

OBXECTIVOS

Como obxectivo principal desta proposta sitúase a necesidade de pór en valor a realidade do monte veciñal como institución galega, introducíndoa como contido na escola a través da visita ao Museo do Pobo Galego.

Obxectivos específicos:

- Favorecer a continuidade e o futuro do monte veciñal como institución.
- Valorizar o monte veciñal como patrimonio cultural.
- Promover unha mellor xestión do monte veciñal.



número de montes veciñais en man común en Galicia. Fonte: Grupo dos Comúns (2006): *Os Montes Veciñais en man Común: o patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

2

METODOLOXÍA

Para acadar os obxectivos marcados, propónse unha estratexia metodolóxica na que prime:

- A participación activa do alumnado, tanto no roteiro do Museo a través de dinámicas de grupo que fomenten o diálogo, como nas actividades na aula, de xeito que se logre a súa atención e interese.
- A realidade obxecto de reflexión é próxima fisicamente, polo que se buscará tamén o coñecemento directo, fomentando unha aprendizaxe significativa.
- Uso de ferramentas dixitais.

Con esta perspectiva, o núcleo da unidade didáctica queda constituído por seis sesións. A primeira coa visita ao Museo e a contextualización feita a través do itinerario específico na se presentará o tema a tratar co achegamento ao tema, a historia e a problemática actual da institución; a segunda consta do traballo na aula para comprobar a realidade espacial do monte veciñal a través da cartografía; a terceira, cuarta e quinta son a proxección do documental “En todas as mans” e debate.

A sexta, que é opcional, é acordar a visita a unha comunidade de montes, cuestionando e reflexionando desde os coñecementos adquiridos.

CRONOGRAMA E RECURSOS NECESARIOS

Propóñense catro módulos de traballo na aula de 50' cada un nas que se combina a presentación do tema, o visionado de “En todas as mans” que ten unha duración total de 100' e o uso de ferramentas dixitais para a ubicación e acceso a imaxes reais do monte veciñal. No caso de non considerar necesario o visionado ao completo do documental, recoméndase ao persoal docente escoller 60' do metraje e realizar unha sesión dedicada á cartografía, dúas sesións con 30' de proxección e 20' para aclaración de conceptos e debate. Por último están as saídas que son opcionais.

A continuación, móstrase o esquema temporal das diferentes partes:

Sesión 1	Presentación do tema e explicación das ferramentas dixitais cartográficas	30'
Sesión 1	Uso das ferramentas dixitais	20'
Sesión 2	Proxección de “En todas as mans”	30'
Sesión 2	Uso das ferramentas dixitais	20'
Sesión 3	Documental “En todas as mans”	40'
Sesión 3	Comentarios e reflexións	10'
Sesión 4	Terceira parte do documental	30'
Sesión 4	Debate	20'
Sesión 5 e 6 (opcionais)	Visita comunidade de montes/Museo do Pobo Galego	

O uso da cartografía é para facer evidente a realidade xeográfica do monte veciñal, primeiramente mostrando sobre un mapa a superficie que abrangue esta institución e situando despois os montes veciñais máis próximos ao centro. Isto, ademais de

introducir no uso de ferramentas cartográficas como o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) <http://emediorural.xunta.es/visorsixpac/> e o google maps, dan a posibilidade de ver imaxes reais dos montes a partir do street view. Estas imaxes poden compararse tamén con outras antigas para observar o paso do tempo e a transformación da paisaxe. As imaxes tomadas co “Voo americano” por exemplo, serven para realizar este exercicio comparativo.

<http://visorgis.cmati.xunta.es/cdix/mapa.html>,

O traballo ao redor do documental tratará de aclarar, por en común e abrir un espazo de debate no que se poidan interrelacionar ideas e intercambiar opinións ao redor do que se mostra na película. Neste sentido, a figura docente será a encargada de dinamizar e dirixir a atención cara os obxectivos perseguidos.

Como a razón desta proposta é a de achegarse a un elemento do noso patrimonio que non está contemplado no currículo pero que tentamos se recoñeza dentro do mesmo, a avaliación basearase máis na observación das actitudes do alumnado antes, durante e despois das sesións.

3

CONTIDOS

Os contidos amplíanse a través da bibliografía e das páxinas web que indicamos ao final. Aquí nomeamos brevemente que aspectos recomendamos tocar.

Historia

- Orixe da institución no século V co reino galaico-suevo. O dereito xermánico e consuetudinario.
- Funcións que estas terras mal chamadas incultas (a finais do XIX o monte ocupaba a maior parte do territorio galego, un 75%) desempeñaban na continuidade e eficacia do sistema agrario galego. No monte acadábanse colleitas suplementarias de cereal (as estivadas/cavadas/decrúas ou cachadas, coa queima de broza ou roza e cultivo do centeo ou algún outro cereal) Do monte dependía a alimentación dunha boa parte da cabana gandeira, non só polo gando solto senón tamén polos froitos (ex. landras) que eran alimento de gando doméstico ou por ser lugar de colocación e alimento das colmeas (alvarizas na serra e abellas ás flores de árbores). E do monte proviña a fertilización das terras: o uso do toxo como cama das cortes, para estrar as cortes (estrume) e a súa mestura cos excrementos facilitou ao campesiñado galego un abono natural altamente eficaz.
- O movemento de recuperación dos montes veciñais entre a década dos 60 e a dos 80 do século XX. A relación monte-veciñanza estaba deteriorada, mais o pouso da organización común aínda existía na xente e foi retomado por moitos veciños e veciñas. Nestas loitas veciñais en defensa dos seus montes ante os intentos de expropiación por parte da administración, tiveron un especial protagonismo as mulleres.
- O monte veciñal hoxe.

Propiedade do monte

- Propiedade e xestión do territorio.

A propiedade do monte foi, maioritariamente, de titularidade e aproveitamento colectivo. Así os montes podían ser **montes de varas ou de voces**: que estaban ligados a unha familia ou liñaxe con dereitos transmisibles sobre ese monte.

Veciñais: ser veciño dunha parroquia, significa ter dereito sobre o monte veciñal. Os dereitos non son transmisibles polo que se unha persoa deixa de ser veciña dun lugar perde dito dereito;

- Na actualidade este tipo de propiedades concréntanse nos MVMC. Hai 2700 montes veciñais en man común cuns 150.000 comuneiros. Isto supón que un 33% da superficie total de Galicia ten este modelo de xestión territorial

As problemáticas do uso e o estado actual do monte.

- O proceso de repoboación que se deu durante todo o século XX e principalmente durante a ditadura franquista, foi enchendo os montes galegos de especies de crecemento rápido con maior valor para o uso madeireiro, unha combustión doada e alto consumo de auga. Na actualidade hai novos usos polémicos como o do biocombustible e as plantas para procesalo.

- O paso da propiedade colectiva á propiedade individual privada, e os cambios na dinámica socioeconómica coa perda de valor para moitos propietarios que abandonan o seu cultivo e o seu coidado.

- A devolución que se produciu desde os anos setenta evidenciou profundas mudanzas na realidade do monte veciñal. Por unha banda, créanse as comunidades

de montes como figuras de xestión. Ao tempo muda a propia sociedade rural que vai abandonando as actividades agrarias ou as transforma deixando atrás as prácticas orgánicas (ou tradicionais) por modelos de maior rendemento pero tamén de sobreexplotación. Isto condiciona a relación entre veciñanza e monte converténdose, o forestal, nun dos usos principais dos montes veciñais. O despoboamento do rural e a baixa participación cidadá na xestión do monte.


- Outros contextos, orixinados, entre outros motivos, pola incorporación de xente nova ás xuntas das comunidades e a unha maior presenza das mulleres en postos de responsabilidade estimulan proxectos con valores que van máis alá do económico. A existencia de comunidades de montes que están a desenvolver proxectos de diversificación produtiva (producción micolóxica, gandaría extensiva ou froitos do monte), educativos,



O monte veciñal como patrimonio e o patrimonio do monte.

A propia institución, a titularidade veciñal como xeito de xestionar este territorio debe ser reivindicado como parte do patrimonio cultural inmaterial. Nun contexto en que unha parte da cidadanía tenta involucrarse máis nos asuntos que competen ás administracións, ter maior capacidade para xestionar democraticamente os asuntos que nos afectan, incluído a xestión do territorio Galicia e Portugal teñen unha realidade digna de mostrar neste sentido. Este réxime de titularidade sitúase na chegada dos pobos xermánicos e, polo tanto, trátase dunha realidade milenaria que está asociada a un modelo de ocupación e a un complexo agrario que definiron a paisaxe galega durante séculos.

- A paisaxe que, facéndose ao longo dos séculos, parte dunha realidade material, pero tamén dunha construción social, simbólica, no que cada lugar ten o seu nome e tamén as súas lendas e historias.
- As lendas, personaxes míticos que habitan o monte e lugares sacralizados con ermidas e capelas.



Debuxo do petroglifo de Monte Pedroso (Santiago)

- A toponimia.
- As festas como os curros, forman parte do patrimonio inmaterial que abrangue o monte, tamén o veciñal.
- O patrimonio arqueolóxico como castros, mámoas ou petroglifos,
- Patrimonio etnográfico que, no caso do monte pasa polos camiños, foxos do lobo, sesteiros, currais, presas ou muíños.

BIBLIOGRAFÍA E OUTROS RECURSOS

Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común

http://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei13_1989.pdf

Catálogo de Expedientes de Veciños. 2 vols. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2002.

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMM). *O monte: oportunidade sustentable fronte a crise*. Melide, 2011.

http://adega.gal/web/media/documentos/COMUNICACIONES_MONTES.pdf

BALBOA LÓPEZ, X., *O Monte en Galicia*. Xerais. Vigo, 1990.

BOUHIER, A., [1979] *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. 2 vols. Xunta de Galicia. Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria-Caixa Nova. Santiago de Compostela, 2001.

CASTROVIEJO J.M., e CUNQUEIRO A. *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia* de Ed. Espasa, 1962.

DIÉGUEZ ROXO, M.X -MARTÍNEZ GARGAMALA, H. ; OGANDO DÍAZ, C. (2009) *Non deas a esquecemento. Un proxecto de sensibilización arredor do patrimonio etnográfico*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo galego/Fundación Antonio Fraguas.

FREIRE, A., *O monte é noso. Conflitividade social no medio rural galego durante o Franquismo. O papel das mulleres na defensa dos montes veciñais en man común*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. Santiago, 2012.

GUITIÁN RIVERA, L. "Destrucción histórica del bosque en Galicia" en GUITIÁN RIVERA, I., PÉREZ ALBERTI, A., (Ed.) *Historia Ecológica de Galicia SEMATA VOL.13* (2001). pp.105-166

https://dspace.usc.es/bitstream/10347/4631/1/pg_107-168_semata13.pdf

GRUPO DOS COMÚNS. *Os montes veciñais en man común*. Ed. Xerais. Vigo, 2006.

HERAS HERNÁNDEZ, F. *La participación en la gestión y planificación de los espacios naturales protegidos*. Europarc-España, 2001.

<http://www.europarc-es.org/pdf/participacion.pdf>

IES Terra de Turonio (2014) *Ceibes no Monte. Patrimonio vivo na terra de Turonio*. Consellería de Cultura e Educación/Concello de Gondomar/Comunidades de montes do Val Miñor. www.ceibesnomonte.com

LÓPEZ, C.T. (2013) La enseñanza del patrimonio a partir del entorno próximo a los centros educativos. Análisis documental. *Clío*,39. <http://clio.rediris.es/n39/articulos/lopezarroyo.pdf>

LORENZANA, C. (Ed.) *Tomamos la palabra. Experiencias de ciudadanía participativa*. Icaria Editorial, 2002.

MARQUÉS VALEA, X. (2012) Mirando o pasado con vistas no futuro: un espazo para a toponimia na aula. EDUGA. Revista Galega do Ensino, 63 www.edu.xunta.es/eduga/120/foro/mirando-o-pasado-con-vistas-no-futuro-un-espazo-paratoponimia-na-aula

OTERO PEDRAYO, R. (dir.) *Historia de Galicia, vol. 2*. Ed. Nós. Buenos Aires, 1962.

PICAUD, A., *Guía medieval do peregrino: Códice Calixtino, libro V*. Xerais. Vigo, 1993.

RIBEIRO, A., *Quando os Lobos Uivam*, 1958

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., “Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII: aproximación a un problema”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 33, fasc. 98, (1982). pp. 179-236.

TENORIO, N., *La aldea gallega Estudio de derecho consuetudinario y economía popular*. 1914 http://www.ezaroediciones.com/wp-content/uploads/2008/01/15-g1_la-aldea-gallega.pdf

Páxinas

Organización Galega de Comunidades de Montes <http://orgaccmm.blogaliza.org/>

En todas as mans

<http://www.entodasasmans.com/>

Montenoso

<http://montenoso.net>

Proxecto Derriba. Xeografías do Mancomún.

<http://proxectoderriba.org/relatos-situados-a-traves-das-xeografias-do-mancomun>

Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vincios

<http://vincios.org/comunidade-de-montes-en-man-comun-de-vincios/>

Documentais

En todas as mans. Diana Toucedo, Alberte Román. 2015 100'

<https://gl-es.facebook.com/entodasasmans>

O monte é noso Llorenç Soler , 1978. 33'

https://www.youtube.com/watch?v=gsyrvaL6h_0#t=21

O carro e o Home/ El Hombre y el Carro . Antonio Román. Rodada en 1940.

Sonorizada en 1945 e 1980. 12'. V.O Castelán/ Galego

www.museodopobo.gal

Carboeiros. Xesús Vecino Llamas. 1990. 15'

Ceibas no monte. Patrimonio vivo na terra de Turonio. Galicia. 2009, 30'

De Pinos y penas en tiempo del Patrimonio. Carlos Tarazona Grasa. Huesca, 2006, 47'

V.O Castelán.

www.espiello.com

Queimar o monte. Emilio Fonseca. 2013



Museo do Pobo Galego

Museo do Pobo Galego, 2015